



MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE A PASTORIZA PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO DO FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE A PASTORIZA

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

DECLARA:

Que este Consorcio ten previsto formalizar co Concello de A Pastoriza, o instrumento convencional arriba referido por un período que abrangue desde a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de A Pastoriza, para o financiamento da redacción do proxecto básico para a construción dunha Residencia e Centro de Día, na travesía principal, 7º esquina, na estrada A Forxa, no Concello de A Pastoriza, co fin de posibilitar a creación dunha Residencia e Centro de Día de titularidade municipal, dotando así a este concello dun servizo imprescindible para a atención das necesidades das persoas maiores deste concello, que carece deste servizo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O Concello da Pastoriza adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e





Benestar por medio do convenio asinado o 2.8.2007, co fin de posibilitar a creación dunha Residencia e un Centro de Día de titularidade municipal imprescindible para atender ás necesidades das persoas maiores do Concello de A Pastoriza, que carecen deste servizo, resulta necesario acometer primeiramente a redacción do proxecto básico para acometer a referida construción na travesía principal, 7º esquina, na estrada A Forxa, no Concello de A Pastoriza.

Tendo en conta que o concello non dispón de recursos propios suficientes para levar a cabo a referida actuación, cómpre desenvolver a colaboración interadministrativa necesaria para o financiamento da redacción do proxecto básico para a construción dunha Residencia e Centro de Día, na travesía principal, 7º esquina, na estrada A Forxa, no Concello de A Pastoriza, o que permitirá ao Concello de A Pastoriza crear unha Residencia e Centro de Día de titularidade municipal, imprescindible para atender ás necesidades das persoas maiores do Concello de A Pastoriza.

Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade desta actuación e o interese común de financiar a redacción do proxecto básico para a construción dunha Residencia e Centro de Día do concello de A Pastoriza, posibilitando a creación dunha Residencia e Centro de Día para atender as necesidades das persoas maiores concello de A Pastoriza, que carecen deste servizo, xustifica a utilización do instrumento convencional para o financiamento das actuacións descritas, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que as actuacións obxecto de financiamento do convenio sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025. Neste sentido, a extensión da posibilidade de financiamento ao abeiro do convenio das actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025 considérase axeitada e





fundamentada legalmente, segundo o disposto no artigo 39 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece *"excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para o interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas"*.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar achegará ao Concello de Poio para a realización das actuacións descritas un importe máximo de 18.070,14 euros, con cargo á partida 08.90 311A 760.00 dos orzamentos do Consorcio para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Perfecto Rodríguez Muíños

